

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 11 de maio de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.00 horas do día once de maio de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(521).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións anteriores: ordinaria do 27 de abril, extraordinaria e urxente do 27 de abril e ordinaria de maio de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(522).- DAR CONTA DAS SENTENZAS REMITIDAS POR ASESORÍA XURÍDICA:

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 68/2011. Demandante: D. JOAQUIN MARTÍNEZ POSADA. Obxecto: Resolución do 26/11/2010 de servizos noutras administracións (XMU), sentenza estimatoria. Apelación ó TSXG, sala do contencioso-administrativo, sección 1ª. Sentenza que desestima a nosa apelación. Expte. 6519/111.

b) Sentenza do Xulgado Social nº 5 de Vigo no PROC. S.S. 266/2012. Demandante: Dª Mª LUZ ALVAREZ GUTIERREZ. Obxecto: Resolución do 16.11.2010, impugnación alta médica. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7240/111.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 62/12. Demandante: D. J. LUIS DÍAZ SUAREZ. Obxecto: sanción de tráfico. Sentenza firme que desestima o recurso con custas de oficio. Expte. 7198/111.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 65/12. Demandante: D. FERNANDO GIL SANTOS. Obxecto: sanción de tráfico. Sentenza firme que desestima o recurso con custas de oficio. Expte. 7200/111.

e) Sentenza da Audiencia Nacional, sala do Contencioso-Administrativo, sección 1ª, no RC-A nº P.O. 180/09. Demandante: ASTILLEROS Y CONSTRUCCIONES A LAGOA, S.A. Obxecto: resolución da D.G. Costas do 18.12.2008, recuperación do bordo marítimo da Guía, Teis. Sentenza non firme que desestima o recurso Expte. 5186/111.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 06/12. Demandante: D. DAVID GONZALEZ DOMINGUEZ. Obxecto: accidente de tráfico. Declara o desestimento da actora por satisfacción extraprocesual. Expte. 7176/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(523).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO. ALTA EXPTE. 11/2006, 21/1461, 24/1299, 03/1511.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 27.04.2012, conformados pola concelleira-

delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Flora Bugarin Fortes. Expte.2006/11.
- D^a. M^a Rosario Nogueira Otero. Expte. 1461/21
- D^a Asunción García Palacios. Expte. 1299/24.
- D^a Carmen Casal Maso. Expte. 1511/03.

4(524).- PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2012 PARA A SÚA PRESENTACIÓN ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A OBTENCIÓN DE AXUDAS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO. EXPTE. 72995/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas de Política de Benestar, do 8.05.12, conformado polo xefe da área e pola concelleira de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aproba-la presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais á Consellería de Traballo e Benestar ao amparo e de conformidade co Decreto 99/2012 de 16 de marzo para o cofinanciamento dos mesmos no ano 2012. O importe máximo da achega municipal para dito proxecto será de 9,460,956,62€.

2º- Que se fai constar a continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios municipais.

5(525).- ADXUDICACIÓN Á MERCANTIL SCI S.C. INTEGRAL, S.L., POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO, A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 18994/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 19.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Adxudicar á mercantil SCI S.C. INTEGRAL, S.L., por procedemento negociado con publicidade e ordinario, a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do Inventario municipal de bens e dereitos (expediente 18994-240) por un prezo total 402.291,99 de euros (IVE incluído), un prazo de execución do contrato 24 meses, e coas seguintes prestacións adicionais:

- 3000 horas de traballo presencial en dependencias municipais dun licenciado en dereito.
- 3000 horas de traballo presencial en dependencias municipais dun administrativo.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Darse por enterada dos acordos de non admisión de licitadores adoptados pola mesa de contratación durante a licitación do presente procedemento.

– Na sesión de data 1 de decembro de 2010 se acordou non admitir as seguintes mercantís:

AON GIL Y CARVAJAL, S.A.I.: por non acreditar a solvencia técnica.

INNOVALIA ASESORES, S.L.: por non acreditar a solvencia económica e a técnica.

LAGARES OCA, S.L.: por non acreditar a solvencia técnica.

– Na sesión de data 9 de decembro de 2010 se acordou non admitir a empresa GRUPO CONSERLOCAL, S.L., por non acreditar a solvencia técnica”.

6(526).- ALLEAMENTO DE 90 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 4069/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 13.04.12, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Allear para chatarra 90 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.
- O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 90 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 90 vehículos.

2.- Propón como prezo para a compra dos 90 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

7(527).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS POLA ORGANIZACIÓN DO 48 RALLYE RÍAS BAIXAS 2012. EXPTE. 11145/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 12.04.12, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa á Escudería Rías Baixas, para a celebración da 48ª Edición do Rallye Rías Baixas, que se vai celebrar na cidade os días 31 de maio e 1 e 2 de xuño de 2012 e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución que se achega con este expediente.

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto de 22.500,00€ a favor da entidade Escudería Rías Baixas, CIF: G-36645398, e con enderezo social na 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. O pagamento realizarase na conta 2080 5147 08 3040003912 con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

Terceiro: Aprobar o seguinte procedemento de pago, de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (11.250,00€) do importe total proposto, será abonado á Escudería Rías Baixas, á aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na resolución.

8(528).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, POR DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POLO CONCELLO Ó QUE SE LLE IMPÓN UNHA SANCIÓN POR INFRACCIÓN ADMINISTRATIVA DE CARÁCTER LEVE EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL NA RÚA AREAL. EXPTE. 619/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da Área de Fomento, do 3.04.12, conformado polo concelleiro delegado da área de Fomento, e co informe xurídico do letrado, do 7.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos motivos que figuran no informe que antecede, pola Asesoría Xurídica Municipal se interpoñe recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo contra a resolución da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de 1 de marzo de 2012 que desestimou o recurso de alzada interposto por este Concello contra resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de dita Consellería pola que se lle impón a este Concello unha sanción de 4.650,00 € como responsable dunha infracción administrativa de carácter leve en materia do Patrimonio Cultural de Galicia, tipificada no artigo 90.g) da Lei 8/1995, de 30 de outubro (no sucesivo, L.P.C.G.); solicitando a súa vez a suspensión da execución do acto administrativo ata que o recurso non se resolva.

9(529).- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE D^a SOLEDAD PÉREZ MIGUEZ RELATIVA Á REVERSIÓN DUN TERREO QUE FOI DA SÚA TITULARIDADE, EXPROPIADO COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO DE AUGAS DE VIGO DENDE O RÍO OITAVÉN. EXPTE. 64030/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da Área de Fomento, do 2.05.12, conformado polo concelleiro delegado da área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

DESESTIMAR a reclamación presentada por Doña Soledad Pérez Míguez sobre reversión dun terreo que foi da súa titularidade, expropiado como consecuencia da execución do proxecto de obras de ampliación do abastecemento de augas de Vigo dende o río Oitavén, polos motivos que figuran no informe que antecede.

A presente resolución NOTIFÍQUESE a interesada, ofrecéndolle os recursos previstos na vixente lexislación.

10(530).- DAR CONTA DA RENUNCIA DE TOCA Y SALGADO XILOGA, S.L. UTE, A PERCIBIR O IMPORTE QUE RESULTA DA REVISIÓN DO CONTRATO QUE LLE CORRESPONDERÍA NO ANO 2012 POLA VARIACIÓN DO IPC. EXPTE. 10/142.

Dáse conta da renuncia de TOCA Y SALGADO XILOGA, S.L. UTE, a percibir o importe pola variación do IPC, segundo informe da concelleira delegada de Economía e Facenda, do 25.04.2012, que di o que segue:

“Comunicación á Xunta de Goberno Local da renuncia da actualización de contratos no ano 2012, correspondente á variación dos índices do ano 2011 ou a variación interanual.

Como compromiso á colaboración na contención do gasto público, as empresas que de seguido se relacionan, comunicaron oficialmente aos Srs. Concelleiros Delegados da área da que depende o servizo e, esta, a súa vez á Concellería Delegada de Economía e Facenda, a súa

vontade de renunciar ao dereito que lle outorga o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en canto á revisión de prezos en función da variación dos índices que se contemplan nos PCAP para o ano 2012, tendo en conta as variacións oficiais que xurdiran no ano 2011 si a revisión fose con índices decembro 2010 - decembro 2011, para o seu devengo a partires do 1 de xaneiro do ano 2012; ou si fose o caso, en función do momento no que teñen dereito pola variación interanual que lle corresponda é que devengue no ano 2012. Neste último caso, si o contrato ten unha revisión a partires de novembro de 2011, cos índices outubro 2010 - outubro 2011, que devenga a partires do 1 de novembro de 2011, a renuncia será a súa aplicación entre a data de devengo e outubro do 2012

A renuncia feita, non supón en ningún caso, un aprazamento do dereito, e a base de cálculo que se terá en conta para a seguinte revisión, unha vez transcrito o prazo, será a que tivera o contrato sen revisar: se lle aplicarán os índices correspondentes ao período da renuncia, e sobre esa base, aplicaranse os índices que correspondan ao seguinte ano da renuncia, en síntese, se perde a revisión do ano, pero a base de cálculo para o ano seguinte, será a que corresponda por dereito.

En consecuencia, as diferencias por facturación serán calculadas sobre o período anterior sobre a base de cálculo actualizada.

Exemplo de aplicación:

Coa renuncia presentada						
Ano	Precio	Base cálculo	IPC Dic2010-2011	IPC Dic2011-2012	Facturación	Atrasos
2012	100,00	100,00	2,4		100,00	,00
2013	100,00	102,40		2	104,45	2,05
Total					204,45	2,05
Sin a renuncia						
2012	100,00	100,00	2,4		102,40	2,40
2013	102,40	102,40		2	104,45	2,05
Total					206,85	4,85

O exemplo alonxa calquera dúbida sobre a aplicación do acordo e os efectos da renuncia ao dereito por parte das empresas que fixeron chegar aos compromisos.

Si a variación é con índices interanuais, cuxa aplicación se corresponda cunha actualización a partires do mes de novembro, inclusive, con índices de outubro 2010 - 2011, a renuncia aplicaríase para o período novembro 2011 - novembro 2012.

As empresas que achegaron os seus compromisos foron as seguintes:

Empresa	CIF	Servizo prestado
Toca y Salgado-Xiloga SL UTE	U27754738	Servic. Residuos voluminosos

En consecuencia, ponse en coñecemento da Xunta de Goberno esta vontade, e faise chegar o seu agradecemento ao compromiso na mellora dunha xestión dos servizos públicos mais eficientes ás empresas prestadoras dos mesmos.

Dese conta deste acordo as empresas que se relacionan, a Intervención Xeral a Unidade de Contratación e aos servizos afectados, aos efectos oportunos

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(531).- DAR CONTA DOS CONTRATO MENORES TRAMITADO NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE ABRIL 2012. EXPTE. 8548/306.

Dáse conta dos contratos de gastos menor tramitados no servizo de Medio Ambiente, segundo informe do xefe de servizo, do 2.05.2012, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude:

Expte	Partida	Tipo	Asunto	Axudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
8434/ 306	1720.227.99.03	CM SER	Retirada de niños e ovos de gaivotas, así como o rescate de adultos e polos caídos ou feridos de abril a xullo 2012	Agro Nerga, SL	27/ 03/ 2012	27/ 03/ 2012	21.116,10 €
8467/ 306	1720.227.99.08	CM SER	Realización do proxecto de organización e execución de rutas de Carniño a Carniño por Vigo e bisbarra Abr-Xuñ	Xermolo Dinam. Sociocultural, SL	13/ 04/ 2012	13/ 04/ 2012	21.228,20 €
8398/ 306	1720.230.00.00	CM SER	Axudas de costes de cargos electivos	Varios	19/ 04/ 2012	24/ 04/ 2012	1.000,00 €
8399/ 306	1720.230.20.00	CM SER	Axudas de costes de persoal	Varios	19/ 04/ 2012	24/ 04/ 2012	2.000,00 €
8400/ 306	1720.231.00.00	CM SER	Gastos de locomoción de cargos electivos	Varios	19/ 04/ 2012	24/ 04/ 2012	1.200,00 €
8401/ 306	1720.231.20.00	CM SER	Gastos de locomoción do persoal	Varios	19/ 04/ 2012	25/ 04/ 2012	800,00 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

12(532).- DESESTIMAR AS RECLAMACIÓNS ADMINISTRATIVAS DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE TEIS, INSTANDO A EXPROPIACIÓN DE TERREOS NO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN DE A MADROA. EXPTE. 8553/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Medio Ambiente, do 8.05.12, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

REXEITAR a D. Eduardo García Crespo, actuando na súa condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, as reclamacións administrativas presentadas con data do 19/05/2011 no Rexistro Xeral do Concello

de Vigo (docs. 110073485, 110073470) instando a expropiación de terreos no Monte Veciñal en Man Común de A Madroa, en virtude dos motivos de feito e dereito que figuran no informe que antecede.

Notificar o presente acordo aos interesados, informándolle que esgota a vía administrativa e que contra este poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes desde o día seguinte á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de un mes sen ditarse e notificarse a resolución expresa, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados tamén a partir do día seguinte ó da recepción da respectiva notificación.

13(533).- SOLICITUDE DE CONSOLIDACIÓN DE GRAO DE PERSOAL DO FUNCIONARIO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ UCHA. EXPTE. 22978/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 19.03.12, e co informe do técnico de Intervención do 4.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecer ao funcionario de carreira con praza de administrativo de admón. xeral e posto de traballo de xefe negociado Información, D. José Manuel González Ucha, con nº de persoal 17101, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados do dito posto co citado nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

14(534).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XUDICIAL DE D. RICARDO RODRÍGUEZ FERREIROS. EXPTE. 22990/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 7.05.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación en concepto de dereito e cantidades e cesión ilegal de traballadores previa á vía xurisdiccional laboral formulada por D. RICARDO RODRÍGUEZ FERREIROS, con DNI 36.134.331-C, en escrito de data 31/03/2012 (documento administrativo nº 120036322), nos termos da documentación obrante nos expedientes administrativos nºs 3017/113, 3471/113 e 4104/113, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) e Xefatura do Servizo de Administración Electrónica, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”

15(535).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULOS LIXEIROS SEN SER OFICIAIS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23021/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 27.04.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 7.05.12, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Sanidade, Limpeza, Educación, Mobilidade, Seguridade e Transporte, Xuventude, Cultura e Patrimonio Histórico, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 6.023,16 € correspondentes ó 1º trimestre de 2012 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

16(536).- PROXECTO DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NO ENTRONQUE ENTRE A RÚA TOMAS ALONSO E LÓPEZ MORA. EXPTE. 2127/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, do 7.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobación da memoria valorada para executa-las obras de **“Mellora da rede de saneamento no entronque entre a Rúa Tomás Alonso e a Rúa López Mora ”**, por un importe total de 98,129,57 €”, con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.
- 2º.- Autorización á empresa “Aqualia”, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, para a realización das obras descritas, segundo o establecido na cláusula terceira do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

17(537).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES OFICIAIS CONDUTORES, CATRO OFICIAIS DESBROZADORES E DEZ OPERARIOS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 23075/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 8.05.12, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dezasete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (tres oficiais condutores,catro oficiais desbrozadores/xardineiros e dez Axudantes de oficios), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza contidas nos escritos de datas 1 de febreiro e 25 de abril de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 181.623,48€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como oficiais condutores á D. ALFONSO PUENTE VEIGA, DNI 36.136.039-A, D. RAUL VILA IBÁÑEZ, DNI 36.119.876-D e, D. JOSÉ ANGEL RODRÍGUEZ CASAL, DNI 36.125.659-L, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial condutor, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de novembro de 2011.

Terceiro.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses , como oficiais desbrozadores/as, a D^a. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, DNI 36.071.578-B, D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.086.425-T, D. FABIO ÁLVAREZ ESCUDERO, DNI 33.274.663-B e, D. CARLOS GARCÍA VELOSO, DNI 36.050.888-K, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de oficiais xardineiros, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de xuño de 2011.

Cuarto.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como operarios/as-peóns, a D. JOSÉ MANUEL CASAL MATO, DNI 36.166.468-A, D^a. ISABEL COMESAÑA FERNANDEZ, DNI 53.185.485-D, D. JORGE MARTÍNEZ ALONSO, DNI 36.158.508-R, D. MANUEL COMESAÑA ARAUJO, DNI 36.099.135-Z, D. JOSÉ M^a.OTERO CORREA, DNI 33.810.572-C, D. ANGEL CASAL PAZÓ, DNI 36.079.787-D, D. ABRAHAM SÁNCHEZ FRANCO, DNI 53.183.875-D, D. BORJA CARIDE GONZÁLEZ, DNI 39.459.449-M, D^a. M. JESÚS FOUZ ARES, DNI 33.538.869-Q e D. TOMÁS ALONSO VIDAL, DNI 36.064.038-S, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de axudantes de oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 26 de decembro de 2011.

Quinto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos Cód. 233-oficial condutor/a, 234-oficial xardineiro/a e, 158-operario-a/peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza (cód. 252)".

Sexto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,15 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

18(538).- AUTORIZAR O PRÉSTAMO TEMPORAL Á FUNDACIÓN LAXEIRO DE VIGO DAS OBRAS DA COLECCIÓN MUNICIPAL DE ARTE ASIGNADAS AO MUSEO "QUIÑONES DE LEÓN". EXPTE. 4603/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director técnico do Museo e da concelleira delegada de Cultura, Festas e Museos, do 19.04.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“Que polo Museo Municipal “Quiñones de León” se inicie o expediente de tramitación do préstamo temporal de tres obras de pintor José Otero Abeledo, Laxeiro; pertencentes á colección municipal de arte asignada a este museo; a prol da Fundación Laxeiro (“O demo e a flor” (n.i. 218); “Vella caixa de música” (n.i. 219); “Campesiños” (n.i. 220)); con destino á exposición “Laxeiro, cosmoxías”; a celebrar entre 24 de maio e 20 de xullo de 2012, na Igrexa de Santa María sita na Ronda da Muralla s/n de Lugo.

19(539).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO DURANTE A TEMPADA ESTIVAL DO ANO 2012. EXPTE. 8249/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 9.05.2012, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Declara-la urxencia na tramitación do expediente 8649-306 para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2012

2º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2012.

3º Convoca-lo procedemento aberto para o outorgamento das autorizacións mediante a inserción do correspondente anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia.

20(540).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.